

COMUNICADO 10 - CLUB SALESIANOS CORUÑA

OFERTA DE ACTIVIDADES FEDERADAS

A Coruña, 3 de xuño de 2025

Benqueridas familias, benqueridas compañeiras e compañeiros e benquerida rapazada da Casa Salesiana de A Coruña:

Hai case dous anos, o 13 de xuño de 2023, naceu o noso Club coa intención de coordinar as actividades deportivas na nosa Casa Salesiana. Tras un ano de reflexión, este ano tivemos a nosa primeira tempada completa de actividades. Unha tempada que non foi doada, xa que pasamos de 0 a 135 licenzas de xogadores/as de súpeto. Grazas a todas as persoas que o fixestes e o facedes posible.

Este primeiro ano centramos as forzas en Educación Primaria, para comezar dende as bases, e tivemos un equipo Sénior de Fútbol Sala.

Queremos seguir crescendo de xeito equilibrado, respondendo ás necesidades que se nos van presentando e medindo as forzas, e é por iso que a oferta que lanzamos máis aló da Educación Primaria (que sairá máis adiante) non comprende todas as categorías aínda.

Nesta oferta a partires de 1º da ESO, totalmente independente da actividade extraescolar, ten cabida tanto o alumnado do noso colexio coma o de outros centros.

En concreto, a oferta é a seguinte:

- Baloncesto infantil (nacemento en 2012 e 2013):
 - Luns, mércores e venres de 18.30h a 20.00h.
 - Cota: 45€ ao mes.
- Baloncesto júnior (nacemento en 2008 e 2009):
 - Luns de 18.30h a 20.00h e martes e xoves de 19.30h a 21.00h.
 - Cota: 50€ ao mes.
- Fútbol Sala infantil (nacemento en 2012 e 2013):
 - Xoves de 18.30h a 20.00h.
 - Cota: 27€ ao mes.
- Fútbol Sala xuvenil (nacemento entre 2007 e 2009):
 - Martes de 18.30h a 20.00h.
 - Cota: 18€ ao mes.
- Fútbol Sala Sénior (nacemento ata 2006): Interesados soliciten información.

Os horarios de adestramentos son provisionais, polo que poden sufrir modificacións por dispoñibilidade de adestradores e do pavillón.

Por outra banda, as cotas tamén son revisables (á baixa) en función da concesión ou non das subvencións que temos solicitadas. Ademais, se algún equipo atopa un patrocinador (poderíase incluír o seu logotipo na camiseta dese equipo), o aportado polo mesmo reduciríase directamente das cotas do equipo en cuestión.

Os adestramentos comezarán en setembro e rematarán en xuño.

Que finalmente se realicen as actividades dependerá do número de inscritos, que deberá acadar un mínimo.

Por outra banda, todos os inscritos serán federados na federación correspondente baixo o amparo do Club Salesianos Coruña, e para competir nas categorías propias deberán adquirir as equipacións de xogo correspondentes.

Adxuntamos aquí unha ligazón para facer a [preinscrición](#), coa que veremos que actividades ou equipos saen. Nos casos nos que haxa *quorum*, enviarase ás familias un formulario de matrícula, co que se deberá abonar por adiantado unha cota mensual, que despois non se cobrará no mes de xuño. O motivo disto é o elevado custe inicial que implica dar de alta os equipos.

O prazo para apuntarse finalizará o 20 de xullo de 2025. Na semana seguinte porémonos en contacto cos preinscritos para confirmar se os equipos acadaron o mínimo de participantes ou non.

Para calquera dúbida, podedes poñervos en contacto connosco a través do correo electrónico club@clubsalesianoscoruna.es ou por WhatsApp no 653 69 49 24.

Agradecidos polo voso tempo e confiados con facer posible un deporte educativo en clave salesiana, saudámosvos.



A Xunta Directiva do Club